

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de outubro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e un de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1182).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1183).- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO E XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, EXERCICIO 2016. EXPTE. 31/142.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización e o informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite

de débeda, ambos de data 21.10.15, dáse conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, do 15.10.15, que di o seguinte:

*Ao Pleno da Corporación de aprobación dos Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2016.*

*O Proxecto de Orzamentos do ano 2016, escomezou o proceso de formación como tódolos anos, coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAP, para o período 2016-2018, dos que se deu conta ao Pleno da Corporación, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar. Polo tanto, o criterio está delimitado polos marcos orzamentarios remitidos. Así mesmo, hai que ter en conta o acordo do Consello de Ministros do día 10 de xullo de 2015, no que dando cumprimento ao previsto no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, fíxanse os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2016-2018 e o límite de gasto non financeiro do SPL para o devandito período, que quedan, cos seguintes límites:*

OBXECTIVO	ANOS		
	2016	2017	2018
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade) EELL	0,00%	0,00%	0,00%
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais	3,40%	3,20%	3,10%
Débeda Pública para o Conxunto das CCAA	22,50%	21,80%	20,90%
Débeda Pública para AC	72,60%	71,50%	69,20%
Débeda pública total	95,50%	96,50%	93,20%
Débeda Pública avaliada de xeito individual EE.LL (endebedamento)	110/75%	110/75%	110/75%
Taxa de referencia de variación do PIB (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,80%	2,20%	2,60%

*O proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do previsto no artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

*Como criterio máis salientable do anteprojecto, tendo en conta a TRCPIB, está o control do gasto que ven sendo unha norma xeral nestes últimos anos, véñense adoptando medidas de contención do gasto voluntario e operativo, incrementando as dotacións que teñen o seu emprego en programas sociais, educativos, benestar social e emprego, aínda que neste orzamento, refórzanse aínda máis as dotacións aos programas educativos e sociais. Os servizos de protección e promoción social medran na súa dotación case 1%, os de produción de bens públicos de carácter preferente, onde está os servizos educativos, deportes e cultura, o seu crecemento é dun 6,49%. Os servizos de carácter económico medran un 29,58%. En canto aos servizos públicos básicos, no só se mantén o incremento feito nos anos anteriores, senón que teñen un crecemento do 2,41%.*

*O Proxecto está artellado igual que nos anos precedentes, nun contexto económico de nulo ou baixo crecemento de ingresos, aínda que, as previsións do Goberno de España estiman un crecemento do 3,1 por 100 do PIB para o ano 2016, outros organismos están a prever un*

crecemento menor, en calquera caso, esta macro variable non vai a ter efecto algún sobre os recursos da Entidade Local, onde os ingresos non financeiros locais apenas teñen variación positiva en relación co ano anterior, coa excepción prevista para o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana e os axustes pola mellora na xestión das bases censais.

Se se ten en conta a totalidade dos recursos non financeiros, a variación entre o ano 2015 e o previsto para o ano 2016, é do 3,09 por 100.

En canto á cesión dos tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, as previsións notificadas non melloran en relación cas do ano anterior en termos netos, é dicir, unha vez deducidas as compensacións pola liquidación negativa da PTE dos anos 2008-2009.

Hai unha minoración na cesión de tributos polo IRPF, IVE, II.EE e no Fondo Complementario de Financiamento do 2,18 por 100. No entanto, na mesma comunicación que fai o Ministerio de Facenda sobre as entregas a conta para o ano 2016, se notifica unha liquidación positiva do Fondo Complementario correspondente ao ano 2014 de 3.326 mil euros. Non se comunica a liquidación da cesión de tributos por non estar rematado a cálculo ata o segundo trimestre do ano 2016. En consecuencia co anterior, tendo en conta o carácter negativo nas entregas a conta nun 2,18% e a Liquidación positiva do ano 2014, o resultado neto é positivo.

En canto a liquidación do FCF do ano 2014 pola contía de 3.326 mil euros, está a formar parte das previsións do ano 2016, xa que a súa contía ven sendo ingresada no segundo ano ao que corresponde a liquidación, é dicir, no ano 2016, polo que, se se engade a liquidación do ano 2014 á contía notificada dos ingresos a conta para o ano 2016.

A transferencia da Administración Central ao Transporte Público colectivo mantén o ingreso do ano 2013.

En canto aos ingresos propios, os tipos impositivos en algúns dos impostos foron modificados, que xuntamente á mellora na xestión censal xera un incremento no capítulo I do 1,56%. O Capítulo II, tendo en conta o comportamento no ano 2015 e as previsións do ano 2016 o IIVTNU, xera unha mellora do 18,59%.

En canto a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, mantéñense as achegas do ano precedente, criterio que tamén se está a adoptar para as axudas a Drogodependencia e o Servizo de Axuda no Fogar.

Non hai previsión de subvención ou transferencia de capital doutras administracións no Proxecto do Orzamento en trámite, polo que, si houberse acordos sobre este tipo de achegas, entrarían no orzamento por modificación de créditos nos estados de gastos, non computando as mesmas aos efectos da Regra de Gasto por tratarse de financiamento afectado doutras administracións.

O orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, constituíndo isto un fito histórico.

En relacións cos OO.AA: Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo Zoo e Escola Municipal de Artes e Oficios, están en proceso técnico de disolución, integrándose os mesmos como un programa orzamentario no Orzamento do Concello.

Artellado o expediente que conforma o Orzamento Xeral para o ano 2016, que está integrado polo da propia Entidade e o Organismo Autónomo Administrativo XMU, e visto, que o mesmo está completo e axústase ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axústase ás directrices dadas, comprobado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando recollidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 19 de Xuño de 2015,

proponse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

- a) Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2016, integrado por:
- Orzamento da Entidade Local.
  - Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Coa seguinte clasificación e ordenación dos recursos e empregos:

Proxecto de Orzamentos por Áreas de Gasto consolidado

Área	Descrición	Anos		variación %
		2016	2015	
0	Débeda Pública	2.907.210,82	7.270.028,49	-66,20%
1	Servizos Públicos básicos	111.947.227,85	109.317.789,79	2,41%
2	Actuación de protección e promoción social	18.952.703,38	19.135.266,68	0,95%
3	Producción de bens públicos de carácter preferente	38.461.259,75	36.147.418,92	6,40%
4	Actuacións de carácter económico	19.412.709,69	14.981.028,74	29,58%
9	Actuacións de carácter Xeral	34.249.874,93	33.856.275,88	1,16%
Total		225.930.986,42	220.707.808,50	2,37%

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente<sup>1</sup>

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	64.055.638,19	67.950.460,54	I	103.831.645,34	103.831.645,34
II	115.303.289,79	116.743.530,16	II	7.709.710,00	7.709.710,00
III	185.321,53	185.321,53	III	36.706.577,19	38.072.066,96
IV	32.754.795,05	27.268.079,13	IV	74.610.994,31	73.454.173,76
V	600.000,00	600.000,00	V	2.168.390,36	2.192.390,36
TOTAL G.Co.Op.NF	212.899.044,56	212.747.391,36	TOTAL I.Co.Op.NF	225.027.317,20	225.259.986,42
VI	9.064.353,35	9.448.675,77	VI		
VII	335.000,00	335.000,00	VII	,00	,00
TOTAL G.Cp.Op.NF	9.399.353,35	9.783.675,77	TOTAL I.Cp.ONF	,00	,00

1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai a XMU, e os ingresos que o organismo fai á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise na XMU seguindo o mesmo criterio.

TOTAL G.Op.NF			TOAL I.Op.NF		225.259.986,42
	222.298.397,91	222.531.067,13		225.027.317,20	
VIII	646.000,00	671.000,00	VIII	646.000,00	671.000,00
IX	2.728.919,29	2.728.919,29	IX	,00	,00
TOTAL G.Op.Cp.F	3.374.919,29	3.399.919,29	TOTAL I.Op.Cp.F	646.000,00	671.000,00
TOTAL G.Op.Cp.	12.774.272,64	13.183.595,06	TOTAL I.Op.Cp.	646.000,00	671.000,00
T.X. GASTOS	225.673.317,20	225.930.986,42	T.X. INGRESO	225.673.317,20	225.930.986,42

*Proxecto de Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo*

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2016	Importe 2015	Variación %	Importe 2016	Importe 2015	Variación %
1	3.894.822,35	3.700.082,98	5,26%			
2	1.440.240,37	1.201.363,98	19,88%			
3				1.365.489,77	1.216.624,14	12,24%
4	1.375.512,47	1.677.065,99	-17,98%	5.705.407,84	5.383.269,44	5,98%
5				24.000,00	16.870,79	42,26%
6	384.322,42	378.251,42	1,61%			
7					340.000,00	-100,00%
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
<b>Total</b>	<b>7.119.897,61</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>1,98%</b>	<b>7.119.897,61</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>1,98%</b>

b) Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobo para o Organismo.

c) Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

d) Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo

e) Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

f) O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobo para o ano 2016, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación

*acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.*

*Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2016, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.*

*O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, á proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda previo informe da Intervención Xeral Municipal.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local, de conformidade co sinadado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, acorda:

Primeiro.- Aprobar como proxecto o orzamento xeral municipal para a anualidade 2016 referido no precedente informe-proposta.

Segundo.- Remitir o proxecto de orzamento xeral e o expediente tramitado, no que consta a correspondente proposta, ao Pleno do Concello para a súa aprobación inicial, enmienda ou devolución previo informe do mesmo pola Comisión Informativa correspondente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.